

**"NOVA GALICIA"**

**BOLIVAR 613**

REVISTA SEMANAL,  
LITERARIA, NOTICIOSA  
E DE CHISTES



*Bés Aires, mes de Natal 6 de 1903.*

*Meus queridos paisanos*

Sí bén é certo, que cando fundei á Revista *Nova Galicia*, ó fixen en parte, e-a idea de ver de ganar pra facer un traxe todo-l-os anos ó dia d-o meu santo, á costa d'os meus pequenos conoimentos é sudores, debo tamén decrararvos, é decraro 2-os dedos postos en cruz, qu'à miña prencepal idea, os meus verdadeiros deseyos foron é son, de qu'os galicianos que n'esta segunda pátreia traballan teñan un papel esquirto qu'os alegre cada oito dias: que lles dea noticeas d'as suas aldeas; que lles recorde á nosa meiguiña fala; que os console cand'están tristes, é que volva por eles s'alguén os maltrata.

Eu comprendo qu'hastr'agora non tén á Revista ó méreto necesareo, máis, si m'axudades á votar po-l-o carro pr'adiante, estonces, volvo á xurarvos, é nón en ván, que pro primeiro d'o ano que vén, ei de presentarvos *Nova Galicia*, cal debe ser.

Po-l-o mesmo, estimados suscritores, anque de vosoutros x'estou muy agradecido po-l-a proteuceón que me vindes prestando, volvo outra vez á supricarvos, arrodillado n-a cucuña, e-as mans levantadas car-a pote valdeiro, que me deades outra axudiña buscándome algun suscritor antr'os vosos amigos.

Sí asi ó facedes, á nostro Señor rogarei vos dea salú é sorte mentras que ó corpo non quede sin alma, é q'ela vaya despois dereitiña pr'a pátreia d-o descanso.

E si non podedes face-l-o, non por eso garderei rincor, é sen pre, n-o que poida valer, estou á vosa desposiceon y-alegrareime moito que cansedes á probe é homilde persona de...

*Fortunato Cruces*